

Frases feitas do Cachafeiro (Forcarei)

Margarita López Barreiro

O Cachafeiro, lugar do concello de Forcarei duns cento vinte veciños na actualidade, está situado nun punto privilexiado do interior de Galicia onde se xuntan as estradas que comunican Lugo con Pontevedra e Ourense con Santiago de Compostela. As distancias aproximadas que separan o lugar destas catro poboacións son de trinta e oito quilómetros a Pontevedra, sesenta a Ourense, noventa a Lugo e cincuenta a Santiago. Debe ser por iso que ao estar o lugar ben comunicado foron chegando aquí miles de verbas entretecidas doutras tantas formas que deron lugar a numerosas expresións das cales ofrezco aquí esta pequena mostra¹.

A maioría destas frases foron recollidas dos meus familiares e veciños e espero que este traballo poida servir para que se difundan, aínda que só sexa unha miguiña, polo resto da xeografía do noso país. Quero aproveitar para agradecer a axuda que me prestaron os meus pais, Áurea Barreiro Rivas e Xaime López Varela, na explicación de moitas expresións, e, en especial, o seu fermoso agasallo de me transmitiren dende que nacín esta maneira de comunicar e de vivir.

O galego que se fala no Cachafeiro pertence ao chamado bloque central, do que podemos destacar os seguintes trazos: a) Plural dos nomes acabados en -n: *ladrós, cas, xardís*. b) Terminación -ao(s) no masculino de palabras como *irmao, vrao* ou *chao*. c) Ditongo *oi* en palabras como *moito, escoitar, loita, troita, noite, oito* ou *coiro*. d) Existencia de gheada (*ghato*) e ausencia de seseo, mesmo parcial (*luz, dez, rapaz*). e) Formas verbais *colliches, vendiches*. f) Formas dos demostrativos neutros con *e-* (*esto, eso, aquilo*). Por outra parte, hai unha serie de formas que o achegan ao galego occidental: a terminación -án para o feminino en palabras como *miña irmán, ran* ou

¹ Este traballo inscríbese nun proxecto do Departamento de Galego da Escola Oficial de Idiomas de Vigo que consiste en recoller expresións e refráns da fala actual coa intención de espallar o seu coñecemento. Comecei a recolla no ano 2002 cando cursaba 4º de galego e desde entón ata hoxe non deixei de incorporar novas expresións ao meu traballo.

lan e o pronome *ti* no lugar de *tu*. Outros trazos característicos da nosa fala son, nos verbos acabados en *-ir*, formas como *subeu, parteu, viveu*, etc., ou o uso do verbo *caír*. En relación con este aspecto, manteño nos lemas os escasos trazos dialectais non coincidentes coa norma actual, aínda que non fago o mesmo nos exemplos. En concreto, esas formas son *caír, lan, pareu, ran, vrao* e o demostrativo *eso*. Neste último caso, manteño a forma tamén no exemplo na expresión *todo eso por medio peso*, que loxicamente perdería a “rima” se se substituíse *eso* por *iso*..

Abreviaturas e símbolos:

COL.: coloquial

fór.: fórmula rutineira

HUM.: humorístico

IRÓN.: irónico

loc. adv.: locución adverbial

loc. adx.: locución adxectiva

loc. sub.: locución substantiva

loc. ver.: locución verbal

PEX: pexorativo

VUL.: vulgar

#: forma como foi oída a expresión

(A) cada un o seu (-dixo o que roubaba) *fór.* COL. [Dise cando alguén se equivoca (a favor ou en contra) pagando algo ou cando desconfiamos de que se nos queira beneficiar ou prexudicar con respecto aos máis. Tamén cando se colle algo que non é dun. A segunda parte pode dicila outra persoa. Úsase tamén xogando ás cartas cando se fai ao final o relato e hai dúbidas canto a que estea ben feito]. *Vaia, xa me dabas de máis! Ai, non ho, cada un o seu dixo o que roubaba!* | *-Que flores máis fermosas ten Marica no xardín. -Non llas collas que non lle gusta. -Bah, bah, a cada un o seu, dixo o que roubaba.*

a contragusto *loc. adv.* Contra a vontade ou o desexo propio ou doutra persoa. *Deixou de ir a balonmán porque ía a contragusto.*

a darlle co zoco *loc. adv.* COL. En abundancia, en moita cantidade. *Este ano houbo patacas a darlle co zoco.*

A fame voando *fór.* COL. [Dise referido a quen presume de saber facer algo para o que non está capacitado]. - *Hoxe fixen eu a comida. -A fame voando.*

a pé 1. *loc. adv.* Andando, camiñando. *Fomos a pé deica a praia e tardamos unha hora.* **2.** *loc. adx.* Levantado, sen estar deitado. *Cando chegamos era noite pecha mais aínda os atopamos a pé.* | *Inda andades a pé a estas horas?*

A que santo se lle reza? *fór.* COL. [Úsase para preguntar sobre a causa de algo que non é moi frecuente, equivale a “cal é o motivo?”]. *-Hoxe convidáronme a xantar á súa casa. -Anda! E a que santo se lle reza?*

Abaranta pernas, abaranta zancas, que neste mundo son todas trampas *fór.* COL. [Díselle normalmente a un neno ou nena para que se levante].

Abernuncio, san Silvestre, meigas fóra! *fór.* COL. [Úsase para dar a entender que se detesta algunha cousa ou expresa un sentimento de horror e aversión con que se protesta dalgún feito. Tamén se di cando alguén espirra]. *Abernuncio, san Silvestre, meigas fóra! Que foi ese ruído?*

Agora si que (a) foi! *fór.* IRÓN. [Expressa asombro, desgusto, desaprobación ante algo que se considera absurdo]. *Agora si que che foi! Iso non é certo, que estaba eu alí e vino cos meus ollos!*

Ai hoxe! *fór.* COL. [Expressa contrariedade ou desgusto leve, úsase xeralmente cando algo sae mal repetidas veces]. *Ai hoxe!, xa me trabuquei outra vez no mesmo!*

aos biosbardos / nos biosbardos *loc. adx.* COL. Moi distraído, moi despistado, sen decatarse do que ocorre. [Úsase con verbos como *andar* ou *estar*]. *Anda aos biosbardos, non pensa no que lle mandaches.*

arder nun candil *loc. ver.* COL. Ser de calidade, bo. [Aplícase sobre todo ao viño, a licores ou a comidas]. *Aquel cocido do domingo ardía nun candil, a ver cando comemos outro igual.*

Arre carallo! *fór.* VUL. [Expressa admiración ou sorpresa]. *Arre carallo, se che parece pide máis aínda!*

Arre demo! *fór.* COL. [Expressa admiración ou sorpresa]. *Arre demo! A ese prato haslle ter que poñer ladrails. Moito botaches!*

Arriba, cu de media libra! *fór.* COL. [Díselle normalmente a un neno ou nena ao axudalo a erguerse]. *Arriba, cu de media libra, que xa son horas!*

Benia a nai que te/o... pareu/fixo! *fór.* [Expressa louvanza ou agradecemento cara a alguén]. *-Hoxe acompañoa eu ata a casa para que non vaia soa. - Benia a nai que te fixo, miña filla, que xeitosiña es.*

bo para ir buscar a morte *loc. adx.* COL. IRÓN. Moi lento en facer algo. *Este meu fillo era bo pra ir buscar a morte. Non acaba nunca!*

botar soberbias *loc. ver.* COL. Vangloriarse, alardear; falar mal doutros ou facer críticas doutros que poden chegar a facer de nós ou que poden volverse contra nós. *-O fillo do Xosé este ano suspendeu todas as materias. -Que parviolo é. -Non botes soberbias que che poden caer na boca.*

buscar un da capa negra en Santiago *loc. ver.* COL. Procurar algo moi difícil de achar. *-Marchou para a cidade e non o damos atopado. -Si, buscade un da capa negra en Santiago.*

buscar unha agulla nun palleiro *loc. ver.* COL. Procurar algo moi difícil ou imposible de encontrar. [Úsase a miúdo en comparacións]. *Despois dun bo espazo de tempo, deime conta de que buscaba unha agulla nun palleiro. | Iso é coma buscar unha agulla nun palleiro.*

caír as aves do ceo *loc. ver.* COL. Ir moita calor. *Ata as seis da tarde polo menos non saio da casa, que agora caen as aves do ceo.*

caír/ír [a alguén] ao lombo *loc. ver.* COL. Re caer [unha cousa, xeralmente

un pagamento, un traballo ou unha responsabilidade] en [alguén], terse que facer cargo de todo [unha persoa]. *Si, xa me dixeron que fostes cear, pero polo visto a conta foiche a ti ao lombo, coma sempre, claro.* | *Decidiron facer o traballo xuntos pero Xoán fixo o parvo e a quen lle foi todo o traballo ao lombo foi ao Paulo.*

caír os ollos [a alguén por algo] *loc. ver.* COL. Ollar con desexo [algo], devecer [por algo]. *Deixa o réxime por un día, que che están caendo os ollos por ese pastel!* | *Caíanlle os ollos vendo comer ao seu avó as sopas de cabalo cansado.*

cambiar os ollos polo rabo *loc. ver.* COL. Saír perdendo [nun troco, nunha escolla], facer un mal negocio. *Deixou a carreira de medicina no último curso para facer maxisterio, fíxate ti!, cambiou os ollos polo rabo!*

cando san Xoán baixe o dedo *loc. adv.* COL. Nunca. *–Eses din que van ir a París este ano. –Xa levan falando diso desde hai quince anos, eses van ir a París cando san Xoán baixe o dedo.* # san Juan

cerrar unha chousa *loc. ver.* Dar unha volta, facer unha camiñada [xeralmente grande]. *Como teu pai ten que camiñar fun con el e a esta hora da mañá xa che cerramos unha boa chousa.*

chamar o demo as vacas [a alguén] *loc. ver.* COL. [Úsase cando a alguén lle pasan varias desgrazas seguidas]. *Ese rapaz acaba de ter un accidente co coche e agora enriba está saíndo con esa rapariga tan pouco asisada. Nin que o demo lle estivese chamando as vacas.*

coa canga baixa *loc. adx.* COL. **1.** Coa cabeza baixa ou inclinada. *Sempre pasa coa canga baixa e abstraído a pensar nas súas cousas.* **2.** Decaído, triste ou avergoñado. *Anda coa canga baixa coma decote nos últimos tempos.*

coma o can que lle cortan o rabo *loc. adx.* COL. Amolado, desgustado, contrariado. [Úsase con verbos como *ir* ou *quedar*]. *Miña nai supoñía que ía quedar a durmir o día da festa e quedou coma o can que lle cortan o rabo cando lle dixeran que non o faría.*

coma un bazuncho *loc. adx.* COL. Moi gordo. *Púxose coma un bazuncho.* # bocencho, bezuncho

coma un secante *loc. adx.* COL. Moi bebedor [Úsase xeralmente co verbo *ser*]. *O teu irmán é coma un secante. Moito bebe.*

coma un verdoallo / coma o verdoallo *loc. adx.* COL. Moi verde, sen madurar [vexetal]. *Mira eses tomates, están coma verdoallos.*

comer a figura [a alguén] *loc. ver.* COL. Rifar [a alguén], intimidar [alguén]. *Viña tan cabreado co que lle dixeran que cando chegou á casa comeulle a figura ao fillo.*

comer lume *loc. ver.* COL. Aguantar unha situación que non agrada, sufrir. *Moito tiven que aguantar naquela reunión, como non podía falar moito lume común.*

cortar o que ve e deixar o que encontra *loc. ver.* COL. Non cortar ben [arma ou obxecto cortante]. *Estes coitelos que che tocaron na tómbola non valen un can, cortan o que ven e deixan o que encontran.*

cun pé aquí e outro alá *loc. adx.* COL. Próximo da morte. [Úsase xeralmente co verbo *estar*]. *Estiven moi mal, estiven cun pé aquí e outro alá, case non o conto.*

de rabo de rula *loc. adx.* COL. Pouco de fiar, perigoso, que require cautela. *Non llo contes a ese que é de rabo de rula.*

de rebimba o mallo *loc. adx.* ou *adv.* COL. Moi bo, magnífico, excelente; moi ben, magnificamente. *O domingo imos comer á casa da miña sogra que fai uns callos de rebimba o mallo. | Que tal o pasastes onte na ruada? - Pasámolo de rebimba o mallo. # de rebimbía o mallo*

deitarse no rego *loc. ver.* COL. Renderse, darse por vencido, non ser capaz de facer ou de acabar algo. *Ese empezou a traballar con moito entusiasmo mais ao final deitouse no rego. | Dixo que me ía axudar mais na metade do labor deitouse no rego.*

Deus diante (e o carro cante) *fór.* COL. **1.** [Expresa asombro ou incredulidade]. *-Dixéronme que viron o teu fillo fumando. -Deus diante! 2* [Utilízase, en sentido irónico, cando non se acepta a proposta que fai outra persoa]. *-Mañá convidote a cear á miña casa e se queres podes durmir alí. -Non ho, Deus diante e o carro cante!. # Dios*

Deus o faga mellor *fór.* COL. [Expresa desexo de que algo mencionado (polo que fala ou por outro) non suceda]. *-Non quixen ir con el porque levaba unhas copas de máis. Espero que non lle pase nada. -Deus o faga mellor! # Dios*

dicir amén [a algo] *loc. ver.* COL. Dar aprobación [a algo], consentir [algo]. *Se non se lle di amén a todo o que di, non está á vontade.*

Dígocho, fillo; enténdeme, nora / dígocho, filla, enténdeme, nora *fór.* COL. [Úsase para referirse a unha situación na que alguén reprende ou di algo a unha persoa coa que ten confianza, coa intención de que, indirectamente, outra ou outras presentes entendan]. *Díxenlle ao neno que non empezase a comer antes ca os máis, que é de mala educación, quería que tamén collese a mensaxe o meu pai, ¿non sabes? dígocho filla, enténdeme nora.*

Dígocho, Xan; enténdeme, Pedro *fór.* COL. [Úsase para referirse a unha situación na que alguén reprende ou di algo a unha persoa coa que ten confianza, coa intención de que, indirectamente, outra ou outras presentes entendan]. *Díxenlle ao neno que non empezase a comer antes ca os máis, que é de mala educación, quería que tamén collese a mensaxe o meu pai, ¿non sabes? dígocho Xan, enténdeme Pedro.*

Dous días nun vrao *fór.* COL. [Aplícase a algo que se cre que vai durar pouco]. *-A filla da Paca botou mozo. -Si, dous días nun verán, xa verás ti o que lle dura.*

dun tempo *loc. adx.* Da mesma idade. [Úsase xeralmente co verbo *ser*]. *Meu irmán e mais ti sodes dun tempo, nacestes o mesmo ano.*

(duro) coma un ferrote / máis duro ca un ferrote *loc. adx.* COL. Moi duro, moi forte fisicamente. *Está coma un ferrote.*

É bo milagre! *fór.* COL. IRON. [Expressa que algo non é de estrañar ou non sorprende]. –*Hoxe dóenme as costas. –Éche bo milagre, levas todo o día a traballar...!* # milagro

É como se di *fór.* COL. [Emprégase antes ou despois de dicir unha frase ou dito coñecido]. *Si, xa chegamos de vacacións, agora hai que empezar a traballar de novo. É como se di.*

en ran *loc. adx.* COL. Espido, sen roupa. *Esa anda pola casa sempre en ra.*

entre a cruz e o calvario *loc. adx.* COL. Nunha situación moi difícil [Úsase con verbos como *estar, poñer, verse*]. *Esa ten na casa o irmán e a pobre está entre a cruz e o calvario porque el lévase moi mal co marido.*

Eso e nada é todo un *fór.* COL. [Dise cando alguén se considera pouco ou insignificante]. –*O avó deulle dez euros polo polo día dos anos. –Iso e nada é todo un.* | –*A veciña agasalloume cun puñado de mazás –Iso e nada é todo un.*

estar/andar na horta e non ver as verzas *loc. ver.* COL. Estar moi despistado, non darse conta de algo moi evidente. *Se o tes diante, muller. Hoxe estás na horta e non ves as verzas.*

facen un pan coma queixo *loc. ver.* COL. Conxeniarse [dúas ou máis persoas de características parecidas (en sentido negativo, especialmente se é para faceren trasnadas)]. *Eses dous fan un pan coma queixo.*

feo coma un corno / máis feo ca un corno *loc. adx.* COL. Moi feo. *O noivo dela é máis feo ca un corno.*

(fino) coma a lan de gato *loc. adx.* COL. **1.** Moi agudo ou vivo. [Ás veces en sentido irónico]. *Cando lle toca pagar a el, sempre pide cousas baratas, ese é fino coma a la de gato.* **2.** Moi fino, esixente. [Ás veces en sentido irónico]. *Non lava as mans para comer e despois quere que lle cambien o prato. É fino coma a la de gato.*

haber pata con allo *loc. ver.* COL. Celebrarse algo cunha comida ou cun banquete. *Mañá na casa do Paulo hache de haber pata con allo; celébrase o día dos anos do seu avó.*

haber que ir ao libro / ter que ir ao libro *loc. ver.* COL. [Dise do que é moi difícil ou custa moito]. *Pra te levantar da cama hai que ir ao libro. | Para entender a ese tes que ir ao libro. | Onte pra vos atopar tiven que ir ao libro.*

ir coma o rato ao mollo *loc. ver.* COL. Non poder resistir o desexo de comer un alimento determinado [xeralmente a deshora]. *Eu non podoo ter chocolate na casa, porque cando o teño, sempre vou coma o rato ao mollo.*

irse do verbo *loc. ver.* COL. Dicir algo que non se debe. –*Non entendo como Xan puido saber iso. –É que o teu irmán foise do verbo.*

lavarse por parroquias *loc. ver.* COL. Lavarse por partes [non o corpo todo dunha vez]. *Alí teñen o costume de se lavaren por parroquias, eu prefiro facelo dunha vez.*

Madia levas/leva...! *fór.* COL. [Dise de quen ten ou tivo boa sorte]. –*Veu o seu primo e axudoulle a rematar todos os traballos que tiña empezados. –Madia che levou!*

(Malia) a nai que te/o... pareu/fixo!

fór. COL. [Expresa desgusto, reproche, recriminación, rexeitamento, desacordo ou admiración]. *Malia a nai que te fixo que non sabes vir aquí máis que para quentarme a cabeza. | A nai que os pariu! Non me volveron a facer outra vez o mesmo?*

Malpocado, miña xoia, barbas tristes

fór. COL. [Expresa compaixón por alguén]. *-Que mal o fai!, e aínda pensa que o fai ben! -Malpocado, miña xoia, barbas tristes!*

mesturar papas con verzas

loc. ver. COL. Confundir ou mesturar cousas ou feitos totalmente diferentes. *Iso non vén ao caso, non mestures papas con verzas.*

meter ao cinto

[algo] *loc. ver.* COL. Comer e (ou) beber [algo] [Xeralmente en moita cantidade]. *Metinlle ao cinto unha cunca de caldo.*

meterse en camisa de once varas

loc. ver. COL. Implicarse en asuntos difíciles ou dos que é difícil saír. *-Comprometeuse a axudar a esa xente, e agora non ten tempo para nada. -Si, iso pásalle por meterse en camisa de once varas.*

Miña peneiriña nova!

fór. COL. IRÓN. [Dise cando alguén está moi contento con algunha cousa nova para indicar que xa se cansará dela]. *-É tan riquiña a rapaza coa que estou saíndo... -Miña peneiriña nova...!*

munho e cocido

loc. adx. COL. Feito, limpo, preparado de xeito que sexa fácil de facer. *Os seus pais traballaban arreo e sempre lle deron todo munho e cocido.*

na fura dianteira

loc. adx. COL. Ben vestido, elegante; cheo de orgullo, querendo destacar, ser o protagonista, de primeiro, diante. [Úsase con verbos como *andar, estar e ir*]. *O meu veciño hoxe á mañá ía na fura dianteira, debía ir a algún acto importante.*

nas piras

loc. adx. COL. Moi arranxado. [Úsase con verbos como *ir ou poñerse*]. *Como sabe que vai ver esa rapaza que lle gusta, púxose nas piras.*

necesitar coma o pan de comer

[algo] *loc. ver.* COL. Ter moita necesidade [de algo], facer moita falta [algo]. *Sen falta tes que compralo xa, necesitas ese pantalón coma o pan de comer.*

nin pola veiga da porta

loc. adv. COL. Absolutamente por nada, de maneira ningunha. [Úsase en frases negativas con diferentes verbos, como *dar, deixar, facer, etc.*]. *-Voulle pedir o coche a meu avó, a ver se me deixa ir dar un raite. -Non cho deixa, non; nin pola veiga da porta.*

Nin tanto acá nin tanto alá

fór. COL. [Expresa que non se debe esaxerar, equivale a "nin excederse nin ficar curto"]. *-O ano pasado non lle merquei nada pero este ano botei a casa pola ventá. -Pois nin tanto acá nin tanto alá.*

ninguén que vai para ningures

loc. sub. COL. PEX. Persoa sen importancia, persoa insignificante. *Ese ningué que vai para ningures pretende darnos a nós leccións. # ninguién*

no medio da merenda

loc. adv. COL. No medio dun acontecemento (xeralmente unha lea ou conflito).

Viuse no medio da merenda e só pasaba por alí.

non caber o pan no corpo [a alguén] *loc. ver.* COL. Estar intranquilo; ter que reaccionar por non poder aguantar a impaciencia ou por non admitir ou tolerar algo. *Este rapaz na cama ata a unha. Eu á súa idade xa estaba a pé había ben tempo. Xa non me cabía o pan no corpo.*

non dar pancada *loc. ver.* COL. Non facer nada, non traballar. *Esa empregada é ben traballadora, pero hoxe non sei que lle pasou que non deu pancada, non fixo branca, debe estar algo enferma.*

non dar puntada sen nó *loc. ver.* COL. Actuar de forma premeditada para acadar os propios obxectivos, non facer nada sen procurar o interese propio. *Díxolle que o axudaba cos deberes pero se o convidaba ao cine, ese non dá puntada sen nó. # nudo/nó*

non estar o alcacén para gaitas *loc. ver.* COL. Non ser propicio o momento [para facer ou dicir algo, por causa do estado de ánimo de alguén]. *Para quieta co teu pai que hoxe non che está o alcacén pra gaitas.*

non poder cunha galiña polo rabo *loc. ver.* COL. Estar moi débil, moi canso ou con moi pouco ánimo. *Estivo moi enfermo e aínda non pode cunha galiña polo rabo.*

non (se) pousar unha mosca [a/en alguén] *loc. ver.* COL. Ir moi ben vestido e axeitado e moi limpo [unha persoa]. *Que elegante ía! Non se pousaba unha mosca nel. | Non se lle pousa unha mosca.*

non saber da misa amén *loc. ver.* COL. Estar mal informado, descoñecer algo determinado. *-Aquela mestra dixo que non era obrigado falarlles aos nenos en galego na escola. -Esa non sabe da misa amén.*

non ser ollo de santo (nin compás de carpinteiro) *loc. ver.* Non ser [unha cousa] tan importante como para ter que acadar a perfección. *Non fai falta que te esmeres tanto ao pasar o ferro a esa camisa, non é ollo de santo.*

non ter papas na lingua *loc. ver.* COL. Falar con claridade e sen medo, dicir o que se pensa sen rodeos. *Non, Chávez non ten papas na lingua. # lengua*

non ter traza nin xeito *loc. ver.* Non ter lóxica ou sentido, non ter orde nin fundamento, non ter razón aparente. *Pasáchesme uns apuntamentos que non teñen traza nin xeito, non hai quen os entenda.*

o ollo do paxariño *loc. sub.* COL. O mellor sitio, un sitio privilexiado. *Fixo a casa mesmo no ollo do paxariño. | Antes moraba nun barrio mais agora foi vivir para o ollo do paxariño.*

Ollo ao can que a cadela é miña *fór.* COL. [Dise como advertencia a alguén para que trate ben a outra persoa. Xeralmente dío o pai dunha rapaza ao pai do rapaz co que sae ou do que é noiva]. *Dilles que non veñan tarde, eh?, e ollo ao can que a cadela é miña.*

para sacramentos *loc. adx.* COL. Moi enfermo, con moi pouca saúde. [Úsase xeralmente co verbo *estar*]. *Eu naquel momento estaba pra sacramentos, mais ao final salveime.*

Parece que todo o mundo che/le... debe e ninguén che/le... paga *fór.*

COL. [Dise de persoas de mal carácter, que sempre se mostran incomodadas ou teñen malos modos e tamén das que se teñen por superiores]. *Os fillos da María son cariñosos, educados, responsables, non coma os meus que parece que todo o mundo lles debe e ningún lles paga.* # ninguíen

pasar as de Cristo *loc. ver.* COL. Estar en situación difícil e comprometida. *No hospital pasei as de Cristo.*

pensar na morte da becerra *loc. ver.* COL. Estar abstraído, estar despistado, non prestar atención ao que o rodea. *Escusas falar que non te atende, está a pensar na morte da becerra.*

peso falso *loc. sub.* COL. Persoa falsa. *Aquel garda civil novo era un peso falso, tiñas que ter moito coidado con el.*

Piro Chosco *loc. sub.* COL. O sono [Dise sobre todo falando cos nenos pequenos cando comezan a topenear]. *Voume pra a cama que me está vindo o Piro Chosco.*

plantar salgueiros *loc. ver.* COL. Querer imponer a [súa] opinión, querer mandar, entremeterse. *Non ho, vai vir ese aquí agora plantar salgueiros, diso nada.* | *Que vaia plantar salgueiros a outro lado, aquí os que decidimos somos nós.* [Nota: Era costume plantar salgueiros nos lindes das veigas, e ás veces alguén plantaba un na terra que non era súa para apropiarse dela. De aquí proviría esta expresión].

pola vella *loc. adv.* En cantidade, con abundancia. *Foi un acontecemento pouco frecuente na vila: había coches pola vella.*

poñer o cu ás azoutas *loc. ver.* COL. Aguantar, resignarse ante as adversidades. *-Este ano foiche ben malo, todo foron desgustos. -Pois si, pero hai que lle poñer o cu ás azoutas.*

poñer (os) ladrais [a algo] *loc. ver.* COL. HUM. [Dise para expresar que o prato, a cunca ou algo similar, está tan acugulado de comida que xa non cabe máis nada, que está a punto de bordar]. *Arre demo! A ese prato haslle ter que poñer ladrais. Moito botaches! | Fáltache poñerlle os ladrais! # ladrales*

poñer os ósos nun feixe [a alguén] *loc. ver.* COL. Bater [a alguén], golpear [alguén]. *-Hoxe o rapaz deixouche escapar as vacas. -Pois déixao vir que lle vou poñer os ósos nun feixe.*

por non cagar n' o comer *loc. ver.* VUL. Ser moi avaro. *Non sabes ti ben como é, ese por non cagar n' o come.*

Poucas as grazas! *fór.* COL. [Expresa que algún feito non é para admirarse ou non é de estrañar, senón que é o normal ou natural, que hai razóns para que sexa así]. *-Levoulle un agasallo ao que lle meteu o fillo na Citroen. -Home, poucas as grazas! # pouca-las grazas*

cheirar que alcatrea COL. [Úsase co verbo *cheirar* para ponderar o mal cheiro]. *Ao pasar por esa froitaría non se para, cheira que alcatrea.*

(Que) Deus o/os... descanse! *fór.* [Dise cando se menciona unha persoa morta]. *Mañá vai ser a misa da miña irmá, Deus a descanse.* # Diolo descanse

que non paran nin os cas (atados) *loc. adx.* COL. [Pondera a intensidade do frío]. *Nese parque vai un frío que non paran nin os cans atados.*

saber que relouca COL. [Úsase co verbo *saber* para ponderar o sabor]. *Estas vieiras que fas saben que reloucan.*

Que te/vos vexo polo cucurexo! *fór.* COL. HUM. [Dise ao ver a alguén, especialmente cando non quere que o vexan. Úsase en diferentes situacións e xeralmente con nenos]. *Non collas máis chocolate, que te vexo polo cucurexo.* (Presqueiras, Forcarei)

quedar no seo da manta *loc. ver.* COL. Quedar sen facer algo que se esperaba que fixese. *–Iamos ir todos de paseo, pero eles os dous ao final non viñeron.* *–Si, eses sempre quedan no seo da manta.*

que lle ronca o caravillo/prexegueiro *loc. adx.* COL. Moi bo, magnífico, excelente. *Os veciños de en fronte compraron un coche que lle ronca o caravillo.*

saber a resolío *loc. ver.* COL. Saber moi ben. *O xantar de onte sóubome a resolío.*

sacar as entradas *loc. ver.* COL. HUM. Limpar o interior do nariz cos dedos. *E logo hai cine? Estás a sacar as entradas?*

ser da horta do tío Pedro *loc. ver.* COL. Non ser de fiar. *Aos homes non lles fagas caso que todos son da horta do tío Pedro.*

ser mellor ir á corte e matalas todas *loc. ver.* COL. [Expresa desaprobación]. *–Para as festas vou convidar a cinco amigos a durmir á casa.* *–Si, home! Entón aínda é mellor ir á corte a matalas todas.* | *–Teño que ter coidado co coche que é do meu pai, non sexa que me pase algo.* *–Dígocho*

eu! Entón aínda é mellor ir á corte e matalas todas.

ter a carne no espeto *loc. ver.* COL. Ser persoa pouco indicada para criticar por ser moi posible que lle vaia pasar o mesmo que critica, estar na mesma situación [ca outro a quen critica]. *–O fillo do Xosé este ano suspendeu todas as materias, que parviolo é! –Non botes soberbias que tes a carne no espeto.*

ter a lingua na boca *loc. ver.* COL. Ter apetito. *Imos cear que ti xa tes a lingua na boca.* # *lengua*

ter bo mal *loc. ver.* COL. Non estar nada mal, non haber queixa. [Úsase habitualmente en frases exclamativas]. *Esa cea ten bo mal, non sei por que non a quere.*

ter boa antona *loc. ver.* COL. Ser egoísta ou aproveitado, facer o que lle convén en cada momento. *Non, ti tes boa antona, comes ti o melloriño sen fixarte se queda para os demais.*

ter boa saia / ter unha saia que che/lle... arrastra *loc. ver.* COL. Ser egoísta ou aproveitado, facer o que lle convén en cada momento. *Chega e non axuda nada e despois quere ter todo feito, ten unha saia que lle arrastra.*

ter de ollo [alguén/algo] *loc. ver.* **1.** Vixiar [alguén/algo] de preto, observar, controlar os movementos [de alguén]. *O meu consello é que desconfíes deles e os teñas de ollo.* **2.** Sentir antipatía por [alguén]. *O veciño do quinto tenvos de ollo desde a discusión que tivestes.*

ter o ás para matar o tres *loc. ver.* COL. Ter unha resposta pronta para todo, ter sempre a última palabra. *A ti*

non se che pode dicir nada que sempre tes o ás pra matar o tres.

ter o sangue mesturado coa merda *loc. ver.* VUL. PEX. Ser de pouco ánimo, de pouca iniciativa, ser excesivamente tranquilo, pasivo ou calmoso. *E non fixeches nada ante tal inxustiza? Tes o sangue mesturado coa merda! # sangue*

ter pouco sangue *loc. ver.* COL. PEX. Ser de pouco ánimo, de pouca iniciativa, ser excesivamente tranquilo, pasivo ou calmoso. *Ese rapaz, que pouco sangue ten! Eu no canto del xa tería feito algo. # sangue*

ter un cu coma unha cesta *loc. ver.* COL. Ter un cu grande. *Mira ese que cu ten. Ten un cu coma unha cesta.*

ter unha leira en Toledo *loc. ver.* COL. Ter un defecto, non ser de fiar. *Aos homes non lles fagas caso que todos che teñen unha leira en Toledo.*

Tó demo, tó! *fór.* COL. [Expresa asombro, incredulidade, desaprobación ou desacordo. Ás veces en sentido irónico]. *-E non sabes que o teu fillo onte chegou bébedo á casa? -Tó demo, tó. | -Mamá, hoxe vou ir á festa. - Ogou!, tó demo, tó!*

Todo eso por medio peso *fór.* COL. [Dise cando se acaba de contar algo]. *- E que máis? -Todo eso por medio peso.*

(torto) coma abeaca *loc. adx.* COL. Moi torto [xeralmente dise das pernas]. *Mira esa moza que pernas máis feitas ten, e cando era pequena tiñaas tortas coma abeacas.*

Tres veces nada: cousa ningunha *fór.* COL. [Expresa que algo é moi pouco ou que non paga a pena]. *-O seu relatorio*

seica non foi moi afortunado. -Que ía ser! Tres veces nada: cousa ningunha. | -A túa amiga fíxoche algún agasallo? - Fíxo, fíxo, tres veces nada: cousa ningunha.

verde coma un allo / verde coma o allo / máis verde ca o allo / máis verde ca un allo *loc. adx.* COL. Moi verde, sen madurar [vexetal]. *Mira eses tomates, como están, verdes coma allos.*

(Xa) podes ir para o palleiro *fór.* COL. [Dise a quen queda moi farto, despois de comer]. *Con todo esa comida que metiches ao cinto xa podes ir pró palleiro.*